



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Electricidade e Electrónica		Código	631G01206
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría de Computadores			
Coordinación	Andión Fernández, José Manuel	Correo electrónico	jose.manuel.andion@udc.es	
Profesorado	Andión Fernández, José Manuel Lamas Seco, Jose Juan Lobeiras Blanco, Jacobo	Correo electrónico	jose.manuel.andion@udc.es jose.juan.lamas.seco@udc.es jacobo.lobeiras@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es			
Descripción xeral	Nesta materia búscase que o alumno adquira os coñecementos básicos de compoñentes e circuitos que conforman os sistemas eléctricos e electrónicos do buque. Devanditos coñecementos permitiranlle evaluar o funcionamento dos sistemas de potencia, control y comunicacións do barco.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
A54 RA1C-Escribir, explicar e transmitir os coñecementos teóricos adquiridos tanto de modo oral como escrito mediante o uso do lenguaxe científico-técnico.	A54	
A57 RA4C-Reunir e interpretar datos relevantes	A57	
A59 RA6C-Identificar as situaciones críticas e usar os medios dispoñibles ao fin de resolvelas con efectividade.	A59	
B31 RA9H-Resolver eficazmente os problemas prácticos asociados á materia aplicando os coñecementos adquiridos.		B31
B32 RA10H-Coñecer, analizar, sintetizar e aplicar os contidos, conceptos fundamentais e aplicacións da asignatura.		B32
B33 RA11H-Desenvolver tanto o traballo individual como en grupo		B33
B34 RA12H-Manexar material bibliográfico e recursos informáticos		B34
B35 RA13H-Manexar con soltura as ferramentas, técnicas, equipos e/ou material/instrumental propio de cada materia.		B35
B36 RA14H-Utilizar as ferramentas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da sua profesión e para o aprendizaxe a lo largo de su vida.		B36

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: INTRODUCCIÓN. CIRCUÍTOS ELÉCTRICOS EN CONTÍNUA.	1.1. O átomo. Carga e forza eléctricas. Materiais eléctricos condutores e illantes. 1.2. Magnitudes mecánicas e eléctricas: traballo, enerxía, voltaxe, corrente, potencia. 1.3. Resistencia eléctrica. Fontes ideais. 1.4. Lei de Ohm. Lei de Joule. Circuitos serie e paralelo. Leis de Kirchhoff. 1.5. Fontes reais. Teoremas de circuitos: Thévenin, Norton. 1.6. Análise de circuitos.



TEMA 2: CIRCUÍTOS ELÉCTRICOS EN ALTERNA. TRANSFORMADOR.	2.1. Funcións que dependen do tempo. Valores fundamentais. 2.2. Régime senoidal e comportamentos de R, L e C. 2.3. Impedancia e admitancia. Resonancia. 2.4. O transformador ideal. 2.5. Teoremas de circuitos: Thévenin, Norton. 2.6. Análise de circuitos. 2.7. Xeneralidades de seguridade eléctrica.
TEMA 3: MANOBRA E PROTECCIÓN. XERACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA. SISTEMAS ELECTROMECÁNICOS.	3.1. Fundamentos de sistemas trifásicos. 3.2. Elementos de manobra e protección de instalacións. 3.3. Fundamentos de xeradores e motores. 3.4. Propulsión eléctrica no buque. 3.5. Análise de circuitos e planos de instalacións.
TEMA 4: SEMICONDUCTORES. DÍODOS. APLICACIÓNNS.	4.1. Fundamentos: semicondutor intrínseco e extrínseco. 4.2. Correntes nun semicondutor. Unión PN polarizada. 4.3. Estrutura básica e funcionamento dos díodos PN e LED. 4.4. Modelos equivalentes do diodo. 4.5. Aplicaciónns. Circuitos rectificadores. 4.6. Outros díodos.
TEMA 5: TRANSISTOR DE UNIÓN BIPOLAR.	5.1. Estrutura básica e funcionamento dun transistor bipolar. 5.2. Análise de circuitos en configuración de emisor común. 5.3. Características de entrada e de saída. 5.4. Circuitos de comutación.
TEMA 6: TRANSISTOR UNIPOLAR MOSFET.	6.1. Estrutura básica e funcionamento dun MOSFET. 6.2. Análise de circuitos en configuración de fonte común. 6.3. Características de entrada e de saída. 6.4. Circuitos de comutación.
TEMA 7: CONCEPTOS XERAIS DE AMPLIFICADORES. O AMPLIFICADOR OPERACIONAL.	7.1. Características dos amplificadores. 7.2. Concepto de realimentación negativa. 7.3. O amplificador operacional. Aplicaciónns lineais e non lineais. 7.4. Análise de circuitos.
TEMA 8: CIRCUÍTOS DIXITAIS. APLICACIÓNNS.	8.1. Fundamentos de circuitos dixitais. 8.2. Conversión analóxica-dixital. 8.3. Aplicacións.
RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS.	Sesións de problemas correspondentes ao contido de teoría, con excepción do tema 5 (transistor de unión bipolar).
PRÁCTICAS DE LABORATORIO	PRÁCTICA 1: EQUIPOS DE MEDIDA (I). 1.1. Fonte de alimentación e polímetro. 1.2. Medida de resistencias. 1.3. Medida de tensións e correntes continuas co polímetro. PRÁCTICA 2: EQUIPOS DE MEDIDA (II). 2.1. Xerador de funcións e osciloscopio. 2.2. Medida de tensións e correntes alternas con polímetro e osciloscopio.
PRÁCTICAS A TRAVÉS DE TIC	Realizaranse prácticas de diseño de circuitos e medicións co software LTSpice sobre o temario da teoría.



O desenvolvemento e superación destes contidos, xunto cos correspondentes a outras materias que inclúan a adquisición de competencias específicas da titulación, garanten o coñecemento, comprensión e suficiencia das competencias recollidas no cadre AII/2, do Convenio STCW, relacionadas co nivel de xestión de Primeiro Oficial de Ponte da Mariña Mercante, sen limitación de arqueo bruto e Capitán da Mariña Mercante ata o máximo de 3000 GT.Cadro A-II/2 do Convenio STCW.	Especificación das normas mínimas de competencia aplicables a Capitáns e primeiros oficiais de ponte de buques de arqueo bruto igual ou superior a 500 GT.
---	--

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A57 B31 B32 B34	30	39	69
Solución de problemas	A59 B31	8	28	36
Proba mixta	A59 B31 B32	3	0	3
Prácticas de laboratorio	A54 A57 A59 B31 B33 B35	8	12	20
Prácticas a través de TIC	A54 A57 B31 B32 B33 B36	8	12	20
Proba de resposta breve	A57 A59 B32	1	0	1
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición didáctica -usando diapositivas e/ou taboleiro- dos contidos teóricos da materia.
Solución de problemas	Formulación e resolución de problemas relacionados cos contidos da materia, usando diapositivas e/ou taboleiro.
Proba mixta	Proba de teoría e resolución de problemas sobre os contidos expostos durante as sesións maxistrais e de resolución de problemas de todo o curso.
Prácticas de laboratorio	O alumnado resolverá unha serie de prácticas no Laboratorio de Electrónica, sobre equipos de medida e utilización de compoñentes. Xunto con ditas prácticas, tamén deberá responder preguntas relacionadas cos temas para desenvolver nelas.
Prácticas a través de TIC	O alumnado resolverá unha serie de prácticas en PC, utilizando un software de simulación de circuitos electrónicos. Xunto con ditas prácticas, tamén deberá responder preguntas relacionadas cos temas para desenvolver nelas.
Proba de respuesta breve	O alumnado deberá responder unha serie de preguntas relacionadas cos temas para desenvolver en cada sesión de prácticas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------



Prácticas de laboratorio	Sesión maxistral: Atender e resolver dúbidas do alumnado en relación aos contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais.
Prácticas a través de TIC	Prácticas de laboratorio: Atender e resolver dúbidas do alumnado en relación ás prácticas propostas ou realizadas.
Solución de problemas	Prácticas a través de TIC: Atender e resolver dúbidas do alumnado en relación ás prácticas propostas ou realizadas a través de TIC.
Sesión maxistral	Solución de problemas: Atender e resolver as dúbidas do alumnado relacionadas cos problemas resoltos en clase. Atención personalizada: En casos de atención individualizada usaranse preferentemente sesións de titorías presenciais, ou ben a través de Teams.

Avaliación				
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación	
Prácticas de laboratorio	A54 A57 A59 B31 B33 B35	Valorarase o traballo realizado polo alumno en cada unha das sesións. Os alumnos con dedicación a tempo parcial ou con dispensa académica de exención de docencia terán a opción de realizar un exame de prácticas de laboratorio ao finalizar o curso.	4	
Proba de resposta breve	A57 A59 B32	Ao iniciarse cada unha das prácticas, o alumno deberá responder a un conxunto de preguntas breves relacionadas cos conceptos teóricos correspondentes á sesión.	2	
Prácticas a través de TIC	A54 A57 B31 B32 B33 B36	Valorarase o traballo realizado polo alumno en cada unha das sesións. Os alumnos con dedicación a tempo parcial ou con dispensa académica de exención de docencia terán a opción de realizar un exame de prácticas TIC ao finalizar o curso.	4	
Proba mixta	A59 B31 B32	Consistirá en dous partes de exame teórico e resolución de problemas sobre os contidos expostos ao longo do curso durante as sesións maxistrais, valorándose a comprensión dos devanditos contidos, e a súa aplicación á resolución de problemas.	60	
Solución de problemas	A59 B31	Consistirá na avaliación de resolución de problemas a través dun conxunto de tests.	30	
Outros				

Observacións avaliación



A proba mixta e os tests de resolución de problemas constitúen o 90% da nota. A avaliación das prácticas de laboratorio e a través de TIC, xunto coa proba de resposta breve, constitúen o 10% restante.

Descripción da avaliación e distribución de puntos.

PRIMEIRA OPORTUNIDADEA) PROBA MIXTA:

Consistirá en dous parciais de 6 puntos (máximo) cada un. Para aprobar a materia deberá obterse un mínimo de 3 puntos en cada un. Unha vez obtidos, a nota da proba mixta será a media das notas de ambos os parciais. En caso de non aprobarse algún dos parciais, terase a oportunidade do exame final (1ra oportunidade) para aprobarlos.B) RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS:

Consistirá nun conxunto de tests cunha valoración máxima conjunta de 3 puntos, cun mínimo de 1.5 para aprobar a materia. En caso de non aprobarse os tests, o alumno dispoñerá dun exame de resolución de problemas na mesma data e horario que o do exame de prácticas (ver apartado C). Deberá aprobarse devandito exame para aprobar a materia.C) PRÁCTICAS DE LABORATORIO/TIC:

Consistirá nun conxunto de tests de preguntas conceptuales, xunto con tarefas de laboratorio e simulación por computador (TIC) de valoración conjunta máxima de 1 punto, cun mínimo de 0.5 para aprobar a materia. En caso de non aprobarse as tarefas, o alumno dispoñerá dun exame de laboratorio na data e horario estipulados polo centro. Deberá aprobarse devandito exame para aprobar a materia. NOTA FINAL: se se aproban as tres partes (A, B e C), a nota final será a suma delas. En caso de suspender, a nota final será a metade da devandita suma.

Fraude académica na realización de probas ou actividades de avaliación:a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometía: o/a estudiante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produz na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.SEGUNDA OPORTUNIDADE Manterase a nota obtida nas prácticas de laboratorio e resolución de problemas. Non se manterán as notas dos parciais da primeira oportunidade. Como no caso da primeira oportunidade, a proba mixta consistirá en dous parciais de 6 puntos (máximo) cada un. Para aprobar a materia deberá obterse un mínimo de 3 puntos en cada un. Unha vez obtidos, a nota da proba mixta será a media das notas de ambos os parciais. En caso de non aprobarse as prácticas ou a resolución de problemas, o alumno terá á súa disposición os correspondentes exames (similares e coas mesmas condicións que os da primeira oportunidade).

O alumnado matriculado a tempo parcial ou que teña concedida dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudio dos estudiantes de grao na UDC (Arts. 2.3; 3.b; 4.3 e 7.5) (04/05/2017)", realizará as mesmas probas de avaliación que o alumnado matriculado a tempo completo. Terá a opción de realizar un exame de prácticas de laboratorio/TIC en cada oportunidade. Os criterios de avaliación contemplados no cadre A-II/1 do Código STCW, e recollidos no Sistema de Garantía de Calidade, teranse en conta á hora de deseñar e realizar a avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- J. C. Brégains (). Material de la asignatura en moodle. Moodle (campusvirtual.udc.es)- J. M. Andión (). Prácticas de laboratorio y simulador. Moodle (campusvirtual.udc.es)- J. C. Brégains / P. Castro (2012). Electricidad Básica. Problemas Resueltos. Ed. Starbook- J. C. Brégains / P. Castro (2013). Electrónica Básica. Problemas Resueltos. Ed. Starbook- R. L. Boylestad (). Introducción al análisis de circuitos. Ed. Prentice Hall- R. L. Boylestad / L. Nashelsky (2009). Electrónica: teoría de circuitos y dispositivos electrónicos. Ed. Prentice Hall (10ª Edición)- Jacob Millman / Christos C. Halkias. (). Electrónica integrada: Circuitos y Sistemas Analógicos y Digitales. Editorial Hispano-Europea.- (6ª Edición).- J.A.Edminister (). Circuitos eléctricos . Ed. McGraw Hill (Serie Schaum).
---------------------	--



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Albert Malvino y David J. Bates (2010). Principios de electrónica. Mac Graw Hill. (7ª Edición).- Jacob Millman y Arvin Grabel. (). Microelectrónica. Editorial Hispano-Europea.(6ª edición).- Jacob Millman. (). Microelectrónica: Circuitos y Sistemas Analógicos y Digitales. Editorial Hispano-Europea. (3ª edición).- Jacob Millman y Christos C. Halkias (). Dispositivos y circuitos electrónicos. Editorial Pirámide. 10ª Edición.- Siglent Technologies (2014). SPD3000C Series Programmable DC Power Supply. Quick Start. Siglent Technologies- Keysight Technologies (2012). Osciloscopios de la serie 1000B de Keysight. Guía del usuario. Keysight Technologies- Siglent Technologies (2017). SDG800 Series Function/Arbitrary Waveform Generator. User Manual.. Siglent Technologies- Analog Devices (). Learn How to Use LTspice: Instructional Videos. Analog Devices <p>
</p>
-----------------------------	--

Recomendacións**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Matemáticas I/631G01101

Física/631G01103

Matemáticas II/631G01106

Materias que se recomenda cursar simultaneamente**Materias que continúan o temario**

Sistemas Enerxéticos e Auxiliares do buque/631G01204

Maritime Radiocommunications (Comunicacións Radiomarítimas)/631G01307

Sistemas de Navegación e Comunicacións/631G01311

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías